

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 08.02.2019 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 8 de febreiro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas orais

- 1 38032 (10/POC-005999)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo de converter os terreos da empresa Duchess e do cargadoiro de mineral de Rande, así como os adxacentes, en almacén de contedores, a opinión do Goberno galego referida á súa compatibilidade cos valores da zona, declarada "lugar de importancia comunitario" e inserida na Rede Natura 2000, así como as súas intencións respecto do inicio do procedemento para a catalogación e protección dese cargadoiro de mineral e doutros exemplos do patrimonio industrial que existen na contorna
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

- 2 40976 (10/POC-006392)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre os resultados, a situación actual e o custo total do proxecto denominado Videoguard posto en marcha no ano 2014 pola Consellería do Mar para combater o furtivismo na costas galegas, así como a valoración da consellaría ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

- 3 40980 (10/POC-006393)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as razóns da transferencia de crédito levada a cabo no mes de setembro de 2018 con cargo ao importe total da partida orzamentaria denominada "Axuda inicial a mozos e mozas pescadores" do programa 723A, con destino ao programa 723B, "Medidas de comercialización"; e as actuacións previstas polo Goberno galego para acadar o relevo xeracional no sector da pesca se elimina esas axudas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

- 4 42042 (10/POC-006500)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a notificación da Consellería do Mar a diversas confrarías de Galicia da denegación do pagamento das axudas técnicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019

- 5 42203 (10/POC-006545)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre os traballos desenvolto pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura, dependente da Consellería do Mar, e o Instituto Español de Oceanografía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019
- 6 42405 (10/POC-006634)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as medidas adoptadas pola Administración galega na investigación dos sinistros ocorridos no mar o pasado mes de decembro e o seu resultado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019
- 7 43175 (10/POC-006827)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 4 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción da vixilancia e asistencia técnica nas confrarías cuxos proxectos nas solicitudes de axuda presentadas ao abeiro da Orde do 7 de setembro de 2018 non foron admitidos a trámite, así como as razóns da exclusión de cada unha delas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019
- 8 43301 (10/POC-006850)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores
Sobre a valoración e as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto dos datos reflectidos na enquisa Ocupesca referidos á baixada da poboación ocupada no sector pesqueiro na provincia de Lugo no período 2013-2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019
- 9 43521 (10/POC-006906)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as accións realizadas e pendentes de realizar polo Goberno galego para solucionar os problemas económicos das confrarías ás que lles denegou as axudas convocadas a través da orde do 7 de setembro de 2018 e coas que pagaban persoal de vixilancia e asistencia técnica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretaria

Flora María Miranda Pena

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María Ángeles García Míguez

P

Patricia Otero Rodríguez

S

María Montserrat Prado Cores

BNG

Paula Quinteiro Araújo

EM

María Soraya Salorio Porral

P

María Dolores Toja Suárez

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 38032(10/POC-005999)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo de converter os terreos da empresa Duchess e do cargadoiro de mineral de Rande, así como os adxacentes, en almacén de contedores, a opinión do Goberno galego referida á súa compatibilidade cos valores da zona, declarada "lugar de importancia comunitario" e inserida na Rede Natura 2000, así como as súas intencións respecto do inicio do procedemento para a catalogación e protección dese cargadoiro de mineral e doutros exemplos do patrimonio industrial que existen na contorna

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 11:05
Nº Rexistro: 38032
Data envío: 03/10/2018 11:05:23.411

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A Autoridade Portuaria de Vigo é un Ente de carácter público, dependente de Portos do Estado polo tanto do Ministerio de Fomento, que ten entre outras as seguintes competencias: Ordenación da zoa de servizo do porto e dos usos portuarios; Planificación, proxecto, construción, conservación e explotación das obras e servizos do porto e dos sinais marítimos; Fomento de actividades industriais e comerciais relacionadas co tráfico marítimo ou portuario; Coordinación das operacións das distintas modalidades de transporte no espazo portuario.

A súa área de influencia sobarda a cidade olívica, estendéndose por outros catro concellos: Cangas, Moaña, Vilaboa e Redondela, ocupando tanto terreos do Dominio Público Marítimo Terrestre como aterramentos que se levaron a cabo nas últimas décadas. Ao longo duns 5km, e arredor de 20 ha. da beiramar do concello de Redondela, están suxeitos ás directrices que emanan dende a Presidencia e o Consello de Administración da autoridade portuaria de Vigo.

Na actualidade varias empresas están radicadas na zona cercana ao mar, con importantes aterramentos, mesmo dentro da Rede Natura 2000.

Unha das parcelas de maior tamaño constitúena os terreos da Empresa Duchess,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 11:05
Nº Rexistro: 38032

Data envío: 03/10/2018 11:05:23.411

ou do “Cargadoiro de Mineral de Rande”. Nos últimos anos dende a presidencia da Autoridade Portuaria tense manifestado interese por rendibilizar os terreos ociosos desta concesión, ao igual que os de David Fernández Grande, ou “Cargadoiro de Pedra”.

A primeira das propostas que o Presidente da Autoridade Portuaria lanzou propoñía converter estes terreos enclavados no Estreito de Rande en peirao para arranxo de barcos, ou para aqueles que puidesen quedar abandonados. Mesmo recollía a posibilidade de dismantelar o propio Cargadoiro, unha das pezas máis singulares da histórica industrialización da beiramar de Redondela.

Nas últimas semanas o propio presidente da Autoridade Portuaria vén de presentar a proposta de adquirir os terreos pertencentes á empresa Duchess, co fin de construír un novo vial de entrada e saída de camións. Convertiríase este ámbito, de algo máis de 40.000m², nun grande espazo de almacenamento de contedores, en pleno corazón da Rede Natura 2000. Segundo transcendeu publicamente, a proposta conta co respaldo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria, da que forman parte Alfonso Rueda, Ignacio López Chaves e Mercedes Rodríguez).

Nalgunha das declaracións de López Veiga ten recollido a necesidade de recuperar a actividade no “Cargadoiro de Pedra” de Rande, e mesmo chegar aínda máis adentro, ata a Punta Soutela, ámbito competencial ao que chega a Autoridade Portuaria.

Calquera das alternativas propostas volve a poñer en grave risco o xa de por si difícil equilibrio medioambiental dun espazo tan singular como o Estreito de Rande, a Enseada de San Simón, espazo declarado Lugar de Interese Comunitario (LIC), Rede Natura 2000.

Este espazo singular, alberga o escenario da Batalla Naval de Rande, o Museo Meirande, ademais doutros elementos de grande valor como a Illa de San Simón, os

restos da fortificación defensiva de Rande, a praia de Cesantes, e numerosas mostras de patrimonio industrial e etnográfico.

Un proxecto destas características vai levar aparelado un elevado investimento tanto na adquisición dos terreos como na execución das obras dos accesos. E vai ter un impacto moi negativo na calidade de vida da veciñanza de Rande e Cabana, debido principalmente ao tráfico pesado. En lugar de protexer e potenciar os valores culturais e ambientais da zona, preténdese alterar este espazo da beiramar converténdoo nun almacén de contedores.

Por outra banda, a Plataforma Loxística Salvaterra As Neves (PLISAN), promovida pola Xunta de Galiza, Zona Franca e Autoridade Portuaria, logo de máis de unha década de retraso, está no proceso de urbanización da primeira fase. Parece lóxico que este “porto seco” actúe como espazo loxístico e acolla proxectos como o que a autoridade portuaria de Vigo pretende ubicar en Rande.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Ten coñecemento a Xunta de Galiza do Proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo de destinar os terreos da Empresa Duchess, e do “Cargadoiro de Mineral”, así como os terreos adxacentes, en almacén de contedores, ou de calquera outra actividade que supoña un impacto negativo na contorna?

-Considera o goberno galego que este uso é compatíbel cos valores culturais e ambientais da zona, declarada LIC e incluída na Rede Natura?

-Ten intención a Xunta de Galiza de incoar o procedemento para a catalogación e protección do Cargadoiro de mineral e doutros exemplos de patrimonio industrial que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 11:05
Nº Rexistro: 38032

Data envío: 03/10/2018 11:05:23.411

existen na zona?

-Tendo en conta o remate no ano 2019 da primeira fase da PLISAN, non considera a Xunta de Galiza que este tipo de proxectos teñen mellor encaixe nese emprazamento en lugar dunha zona sensíbel e de grande valor cultural e ambiental como a do estreito de Rande?

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2018 11:01:54

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2018 11:01:59



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 11:05
Nº Rexistro: 38032
Data envío: 03/10/2018 11:05:23.411

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2018 11:02:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/10/2018 11:02:02

Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2018 11:02:04

Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2018 11:02:06

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 40976(10/POC-006392)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre os resultados, a situación actual e o custo total do proxecto denominado Videoguard posto en marcha no ano 2014 pola Consellería do Mar para combater o furtivismo na costas galegas, así como a valoración da consellaría ao respecto

Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª**.

Durante os primeiros meses do 2014 a Consellería do Mar presentou publicamente un suposto novidoso sistema de videovixilancia para combater o furtivismo nas costas galegas, este proxecto baixo o nome de Videoguard contaba cunha inversión de 1,8 millóns de euros e, supostamente, permitiría detectar embarcacións e actividades furtivas nas zonas de praia, rochas e bateas mediante dúas posibles configuracións de distancia.

O proxecto contou coa posición en contra de varios grupos parlamentarios, como AGE, polo que poría supor de atentado á liberdade a imaxe das persoas, oposición que foi ratificada en varias comisións de pesca deste parlamento, a pesar diso a consellería continuou coa inversión e o proxecto, remarcando a implantación en probas durante un período de varios meses e soamente en dous concellos dos que non se informou.

Case catro anos despois este Parlamento non ten información sobre os resultados e a avaliación deste proxecto.

Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula as seguintes **Preguntas para a súa resposta oral en Comisión**:

- 1.ª) Cal foi o resultado do proxecto Videoguard posto en marcha no 2014?
- 2.ª) Cal é a situación actual do proxecto ?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2018 09:30:00
Nº Registro: 40976
Data envío: 27/11/2018 19:18:04.629



3.^a) Como avalía a consellería estes resultados de existir?

5.^a) Cal foi o custe total, por consellerías, deste proxecto?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018.

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 27/11/2018 19:16:39

Paula Quinteiro Araújo na data 27/11/2018 19:16:50

CSX REGISTRO-RqBODBP-L-7
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 40980(10/POC-006393)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as razóns da transferencia de crédito levada a cabo no mes de setembro de 2018 con cargo ao importe total da partida orzamentaria denominada "Axuda inicial a mozos e mozas pescadores" do programa 723A, con destino ao programa 723B, "Medidas de comercialización", e as actuacións previstas polo Goberno galego para acadar o relevo xeracional no sector da pesca se elimina esas axudas

Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Non cabe dúbida que un dos maiores problemas aos que se enfrontan actualmente as persoas que traballan no mar, é a ausencia de relevo xeracional, miles de embarcacións en Galicia que non contan con quen lles dea continuidade.

Desde o Partido Socialista sempre criticamos que as medidas da Consellería do Mar non son suficientes, e desde que goberna o PP non se tratou esta cuestión coa seriedade que precisa. Sirva de exemplo que no programa 723A Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, a execución orzamentaria no ano 2017 foi dun 37 %, deixando polo tanto 6 euros de cada 10 sen executar.

Nesta ocasión concretamente referímonos á partida destinada ás axudas ás persoas mozas pescadoras, que no programa 723A dos orzamentos do ano 2017 tiña un importe de 500.000 euros e no ano 2018 unicamente 315.000. Redución que non nos parece adecuada tendo en consideración a cuestión de falta de relevo xa mencionada.

O que nos parece máis grave aínda é que o 11 de setembro de 2018, estes 315.000 euros foron transferidos do programa 723 A, cara ao programa 723 B de “medidas de comercialización”. De acordo co expediente indícase que:

“A aplicación con cargo á que se solicita, a transferencia negativa conta con crédito suficiente”. Engade, “A modificación solicitada non altera a consecución dos obxectivos previstos nos programas”. Deste xeito a Consellería do Mar, elimina a axuda de 315.000 euros á mocidade pescadora, para o ano 2018.

Cabe cuestionarse esta redución de crédito a favor da xente nova, cando o Plan estratéxico galego 2015-2020 (PEG) remata coa frase: “Unir con criterio o presente e o futuro”, e elimínanse precisamente partidas, xa reducidas, que favorecen o relevo xeracional. Un motivo pode ser que o Goberno galego marca uns obxectivos neste que, non obstante, nos indicadores que avalían a evolución do PEG, non parece haber ningún indicador sobre o relevo xeracional.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2018 11:32:47
Nº Registro: 40980
Data envío: 28/11/2018 11:32:47.214

A realidade indica que 4.400 embarcacións galegas quedarán sen relevo nos vindeiros anos, se non se toman medidas.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o motivo polo cal se fai unha transferencia negativa de crédito do programa 723A, na partida “Axuda inicial a mozos e mozas pescadores” de xeito que se deixa con saldo cero?

2ª) Como vai acadar o Goberno galego o relevo xeracional na pesca se eliminan as axudas ás persoas mozas pescadoras?

3ª) É consciente o Goberno galego que con esa transferencia negativa deixa a partida de “Axuda inicial a persoas mozas pescadoras” con saldo cero?

Pazo do Parlamento, 28 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 28/11/2018 11:27:42

Patricia Otero Rodríguez na data 28/11/2018 11:27:53



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 42042(10/POC-006500)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a notificación da Consellería do Mar a diversas confrarías de Galicia da denegación do pagamento das axudas técnicas

Publicación da iniciativa, 411, 15.01.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora María Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión 8.^a

Durante a penúltima semana de decembro a Consellería do Mar notificou a diversas confrarías de Galicia: Carril, Vilaxoan, Rianxo, Aldán, Ferrol e Barallobre, a denegación do pago das axudas técnicas que perciben.

Estas axudas son utilizadas polas confrarías para aboar as nóminas de vixiantes ou biólogos a pesar de que dende En Marea sempre defendemos a necesidade da creación dun corpo amplo e suficiente de vixiantes para evitar que sexan as confrarías e as mariscadoras quen asuman estes traballos impropios, esta decisión supón un ataque directo a pervivencia dos pósitos en cuestión e unha ameaza para os demais, xa que en algún caso trátase de decisións con carácter retroactivo.

En todo caso a Xunta está a tempo de rectificar, sobre todo cando se atenden ás escasas razóns aducidas pola Consellería nas notificacións que teñen recibido as confrarías. Dende o noso grupo entendemos que salvo vulneracións e ou incumprimentos graves da normativa, esta decisión é cando menos desproporcionada.

Por todo isto, as deputadas asinantes facemos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Como vai a Xunta a resolver os problemas de supervivencia das confrarías afectadas se mantén esta decisión?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2018 12:49:56
Nº Rexistro: 42042
Data envío: 26/12/2018 12:49:56.550



- Pode explicar con detalle cales son os motivos para tal desproporcionada determinación?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2018.

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 26/12/2018 12:42:29

Paula Quinteiro Araújo na data 26/12/2018 12:42:39

CSV, REGISTRO-e80m8dCVs-6
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 42203(10/POC-006545)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os traballos desenvoltos pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura, dependente da Consellería do Mar, e o Instituto Español de Oceanografía

Publicación da iniciativa, 411, 15.01.2019

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O Instituto Español de Oceanografía é unha organización pública de investigación, dependente do Ministerio de Economía e Competitividade, dedicada á investigación en ciencias mariñas, especialmente en relación co coñecemento científico dos océanos, a sustentabilidade dos recursos pesqueiros e o medio mariño.

Ademais, o IEO representa a España na maioría dos foros científicos e tecnolóxicos internacionais relacionados co mar e os seus recursos.

O IEO ten nove centros por todo o territorio nacional, dos cales en Galicia podemos atopar dous: o de Vigo, que ven de celebrar o centenario desde a súa creación, e o de A Coruña.

A conselleira do Mar, Rosa Quintana mantivo unha xuntanza có director do Instituto Español de Oceanografía (IEO), Eduardo Balguerías na que intercambiaron diferentes aspectos sobre o traballo da Unidade Técnica de Pesca de Baixura, dependente da Consellería do Mar e o IEO.

Somos plenamente conscientes da importancia da relación entre ambas institucións, que se fundamenta principalmente na transferencia de coñecemento e en traballar xuntos e coordinados na defensa do sector do mar de Galicia e dos seus profesionais.

Por todo o dito, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

1.-En que consiste o traballo levado a cabo pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura?

2.-Que valoración fai o Goberno galego desta colaboración co Instituto Español de Oceanografía?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 11:51:13
Nº Rexistro: 42203
Data envío: 28/12/2018 11:51:13.744**

Teresa Egerique Mosquera na data 28/12/2018 11:49:02

María Ángeles Garcia Míguez na data 28/12/2018 11:49:19

Martín Fernández Prado na data 28/12/2018 11:49:28

Alberto Pazos Couñago na data 28/12/2018 11:49:39

Marta Rodriguez Arias na data 28/12/2018 11:49:50

María Soraya Salorio Porral na data 28/12/2018 11:50:02

Daniel Vega Pérez na data 28/12/2018 11:50:11



CSV REXISTRO: KQCaF8Yp-8

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 42405(10/POC-006634)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas adoptadas pola Administración galega na investigación dos sinistros ocorridos no mar o pasado mes de decembro e o seu resultado

Publicación da iniciativa, 411, 15.01.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.ª**

O pasado mes de decembro lembrárase como un dos máis dramáticos para o noso sector do mar, o naufraxio de dúas embarcacións que provocaron a morte de catro mariñeiros e a desaparición doutro, poñen en evidencia a necesidade a actuar para mellorar a seguridade dos traballadores do mar.

A altísima sinistralidade deste sector fai necesaria a adopción de medidas urxentes que permitan, no futuro, evitar o maior número de accidentes posible, de forma que nunca máis teñamos que afrontar xornadas tan dramáticas como as vividas en decembro.

Cabe preguntarse cal foi o resultado das investigacións dos sinistros acontecidos nos últimos anos en Galicia, que actuacións se recomendaron logo destas investigacións, cales foron realizadas e cantas quedan por realizar, pero sobre todo agora procede analizar e investigar as causas dos accidentes de decembro co único obxectivo de evitar que se repitan.

Este Parlamento apenas ten información dos resultados das investigacións rematadas, pero tampouco sobre a situación actual das investigacións abertas, tampouco sobre o grado de execución e cumprimento do plan estratéxico 2015-2020

Urxe actuar para mellorar a seguridade no mar, dotando si é preciso a nosa administración dos recursos necesarios para mellorar as investigacións e as medidas en materia de seguridade.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:01:45
Nº Rexistro: 42405
Data envío: 03/01/2019 12:01:45.849



Por estes motivos o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte
Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Que medidas ten adoptado a Administración galega na investigación destes
sinistros e que resultados se coñecen das mesmas?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 03/01/2019 11:54:55

Paula Quinteiro Araújo na data 03/01/2019 11:55:04



CSV: REGISTRO-PHNMJ5OL-7

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 43175(10/POC-006827)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción da vixilancia e asistencia técnica nas confrarías cuxos proxectos nas solicitudes de axuda presentadas ao abeiro da Orde do 7 de setembro de 2018 non foron admitidos a trámite, así como as razóns da exclusión de cada unha delas

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A Orde do 7 de setembro de 2018 establece as bases reguladoras xerais en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental. (DOG núm 180, 20.09.2018)

As solicitudes das confrarías de Carril, Vilaxoán, Rianxo, Aldán, Ferrol e Barallobre non serán beneficiarias destas axudas, xa que os seus proxectos non foron admitidos a trámite. Estes fondos tiñan por destino financiar os gastos dos servizos de vixilancia e asistencia técnica de bioloxía, de aí a súa importancia.

Existen discrepancias respecto á xestión levada a cabo na tramitación por parte da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar. Así, por exemplo, no caso da Asociación de raiñeir@s da Ría de Arousa, indican que non teñen constancia de ter recibido ningún requirimento por parte da Administración con respecto a ese expediente administrativo, e si en cambio, recibíronse outras resolucións relativas a outros expedientes que afectan a esta entidade.

O que está claro é que esta perda de fondo repercutirá directamente na menor vixilancia nas costas das confrarías afectadas, así como nunha menor asistencia técnica, o cal implica que por parte do Goberno galego, deberanse avaliar as consecuencias da perda no control e vixilancia, así como determinar que accións se levarán a cabo para paliar estes defectos.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai asumir o Goberno galego a vixilancia e asistencia técnica nas confrarías cuxos proxectos non foron admitidos a trámite, en caso positivo, cando?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 09:30:00
Nº Registro: 43175
Data envío: 11/01/2019 15:08:08.083

2ª) Cales foron os motivos de exclusión de cada unha das confrarías cuxos proxectos non foron admitidos a trámite?

3ª) Valorou o Goberno galego as consecuencias da perda de control e vixilancia nas confrarías afectadas, derivadas da perda das axudas, en caso positivo, que conclusións obtivo?

4ª) Que requirimentos de documentación se lle realizaron á Asociación de raiñeir@s da Ría de Arousa e cando?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 11/01/2019 14:58:06

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/01/2019 14:58:20

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2019 14:58:27

María Luisa Pierres López na data 11/01/2019 14:58:34

Jóse Manuel Pérez Seco na data 11/01/2019 14:58:41



CSX REGISTRO-5167JCaH-4
Verificación
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 43301(10/POC-006850)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a valoración e as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto dos datos reflectidos na enquisa Ocupesca referidos á baixada da poboación ocupada no sector pesqueiro na provincia de Lugo no período 2013-2017

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e María Dolores Toja Suárez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O sector pesqueiro da Provincia de Lugo é un dos principais motores económicos da Mariña, onde se atopan dous dos portos máis grandes de Galicia: Burela e Celeiro, sen esquecer o resto dos portos da comarca: Ribadeo, Foz, San Cibrao e O Vicedo.

Recentemente, déronse a coñecer os datos resultantes da enquisa OCUPESCA 2017, elaborada pola Consellería do Mar cada dous anos, que recolle os datos de poboación ocupada nos buques pesqueiros con porto base na nosa comunidade autónoma.

Os datos que reflicte esta enquisa expresan o que o Grupo Socialista leva advertindo hai moito tempo nesta Cámara como é a perda de poboación ocupada no sector pesqueiro.

Se nos centramos nos datos da enquisa OCUPESCA 2017 na Provincia de Lugo atopámonos co resultado das políticas dun goberno no que o Partido Popular hai moito tempo que abandonou o sector. A pesca lucense perdeu tres ocupados cada mes durante catro anos. A provincia de Lugo restou 167 profesionais do mar entre 2013 e 2017, ata chegar aos 1422, o que supón unha perda do 10,5 % da poboación ocupada nese período, ou o que é o mesmo, perdéronse 1 de cada dez postos de traballo nos 4 anos referenciados. Só en 2017 o sector pesqueiro en Lugo perdeu 18 tripulantes.

Os datos sinalados anteriormente amosan o abandono da Xunta de Galicia diante da caída libre rexistrada no emprego do sector pesqueiro, e que xa foi denunciado en múltiples ocasións por este grupo. O acontecido na provincia de Lugo no sector pesqueiro non é alleo ao que acontece no resto de Galicia, xa que cabe recordar que en 2009 a poboación ocupada no sector pesqueiro galego era de 23.800 profesionais e en 2017 a poboación ocupada nos buques pesqueiros con porto base en Galicia é de 11.377.

Polo anteriormente exposto, cremos que o Goberno galego debe de analizar as causas da perda de poboación ocupada no sector pesqueiro da provincia de Lugo,





e establecer medidas concretas, con prazos e con suficientes recursos para recuperar un sector fundamental para a economía lucense.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos reflectidos na enquisa OCUPESCA, na que se contempla que a pesca lucense perdeu 3 ocupados cada mes durante catro anos (2013-2017), restando, polo tanto, 167 traballadores neses catros anos?

2ª) Cales cre o Goberno galego que son as causas da perda de 3 ocupados ao mes durante os anos 2013 a 2017 na pesca lucense?


3ª) Ten pensado o Goberno galego adoptar algunha medida para frear esa perda de ocupación no sector pesqueiro lucense, de ser o caso, en que consistirían, cal é o cronograma da posta en marcha desas medidas?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 14/01/2019 12:42:49

María Dolores Toja Suárez na data 14/01/2019 12:43:00



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.9 43521(10/POC-006906)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as accións realizadas e pendentes de realizar polo Goberno galego para solucionar os problemas económicos das confrarías ás que lles denegou as axudas convocadas a través da orde do 7 de setembro de 2018 e coas que pagaban persoal de vixilancia e asistencia técnica

Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 13:03:11
Nº Rexistro: 43521
Data envío: 15/01/2019 13:03:11.637

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa as medidas a tomar pola Consellaría do Mar para solucionar o gravísimo problema creado a algunhas confrarías pola denegación de axudas para pagar persoal que realiza labores de vixilancia e asistencias técnicas.

No DOG do 20/09/2018 a Consellaría do Mar publicaba a orde do 7 de setembro pola que se establecían as bases reguladoras xerais e se convocaban para 2018, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo da Pesca (FEMP) que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos ecosistemas, así como do fomento da sensibilización ambiental.

A finais de decembro a Consellaría do Mar notifícalles a unha serie de confrarías: Rianxo, Carril, Vilaxoán, Aldán, Ferrol e Barallobre que non lles admite a trámite as solicitudes que tiñan presentado, que fundamentalmente destinan a pagar ao persoal que realiza os servizos de vixilancia e asistencias técnicas, biolog@s. Con estas actuacións contribúen á xestión de zonas de produción, conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños, que permitan mellorar as condicións de vida e de traballo das persoas que se adican a esta actividade e que contribúan á conservación do medio mariño e das súas especies, finalidades e obxectivos que realizan por “delegación” da Consellaría do Mar que é a que ostenta a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 13:03:11
Nº Registro: 43521
Data envío: 15/01/2019 13:03:11.637

titularidade das competencias, xa que esta non asume directamente estas funcións tan importantes.

Segundo a información de que dispomos estas denegacións adoecen de como mínimo múltiples dúbidas e “irregularidades”: realizaas a consellaría en base a que as confrarías teñen diversas sancións, mais este argumento ademais de desproporcionado é máis que cuestionado polas mesmas que consideran que non é motivo suficiente, non se coñece con claridade os criterios con que se aceptan un proxectos e se denegan outros e polo tanto moitas dúbidas de actuación arbitraria. Hai constancia de resolucións favorábeis recibidas por outras entidades en situacións similares, polo que a igualdade de oportunidades e de trato tamén está en entredito. Hai unha interpretación absolutamente desproporcionada, descontextualizada do Regulamento da Unión Europea que regula a aplicación dos fondos FEMP, con resultado lesivo.

Coa decisión de denegar estes proxectos a Consellaría do Mar está a causar un moi grave prexuízo económico ás confrarías afectadas, en primeiro lugar polo extemporánea da convocatoria e da comunicación, xa que se levan executado máis da metade dos meses dos proxectos e polo tanto asumido o custe por parte das confrarías, segundo porque non van dispoñer de recursos para asumir esas labores, algunhas confrarías como a de Rianxo deixarán de percibir 80.000 euros, e polo tanto, perda de postos de traballo, do traballo desenvolvido por estes/as profesionais, do seguimento dos proxectos e control do furtivismo e polo tanto capacidade produtiva. O resultado final será que algunhas delas veranse abocadas a un máis que seguro peche.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

CSV, REGISTRO-01Plus76a-4
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 13:03:11
Nº Registro: 43521
Data envío: 15/01/2019 13:03:11.637

Que accións vai realizar o Goberno galego para solucionar os gravísimos problemas económicos das confrarías ás que lle denegou as axudas coas que pagaban persoal de vixilancia e asistencias técnicas?

É consciente do gravísimo problema que lle ocasiona a decisión que ten tomado, con incluso risco de peche de algunha das confrarías?

Vai rectificar a decisión tomada?

Tense reunido c@s responsábeis das confrarías e tenlle trasladada algunha alternativa?

De ser así en que data e cal é a alternativa?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSX4 REGISTRO-01Plus765-4
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
ep-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 13:03:11
Nº Registro: 43521
Data envío: 15/01/2019 13:03:11.637

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2019 13:02:51

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2019 13:02:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2019 13:02:56

Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2019 13:02:57

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2019 13:02:58

Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2019 13:03:00

CSX REGISTRO-01Plus7b5-4
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

